

Este texto está suxeito à seguinte licenza:

Licenza Creative Atribución-Uso Non-Comercial-Compartilhamento pela mesma Licenza 2.5 Portugal Commons

Para este efecto os autores são Ana Vitorino, Carlos Costa e Catarina Martins.

Descarregue, partilhe, utilize e transforme. Mas exclusivamente para fins non comerciais e creditando sempre as autorías orixinais. E volte a partilhar eventuais obras derivadas deste mesmo modo.

Ósos – Guión

NO SISTEMA DE SON DO AUTOBÚS

Ao subir

Guía

Benvidos. Benvidos á Cidade da Cultura. Van iniciar unha visita moi especial; unha visita irrepitible. Vou ser o seu guía e vou levalos ao corazón desta cidade. Van coñecer non só os espazos públicos, senón tamén as salas de acceso reservado. Van coñecer a cidade e as súas entrañas.

Vou acompañalos durante todo o percorrido. Sigam atentos á miña voz. O equipo de vixiantes tamén estará presente e vainos axudar a facer todo o percorrido con seguranza. Cando saíren do autobús, estaremos á súa espera co equipamento necesario: cada persoa recibirá un dispositivo sonoro con auriculares e tamén uns cascos de protección. Os equipos están numerados; por favor, verifique se o número do seu casco corresponde ao número da bolsa que contén o dispositivo sonoro. Despois de se equipar, agarde pola indicación do equipo de vixiantes para acender o dispositivo sonoro. Esta será a única operación que terá que facer co dispositivo. Durante a visita non volva tocar no dispositivo sonoro. Para a súa seguranza, non quite o casco nin os auriculares durante o percorrido a menos que reciba instrucións nese sentido. O percorrido ten a duración dunha hora sen pausa.

Na rotonda

O que torna tan notable e irrepitible a primeira visión dunha cidade na paisaxe é que nela o que é distante vibra en unión co que está próximo. Mal comezamos a orientarnos dentro dunha cidade, a habituámonos a ela, a paisaxe desaparece como desaparece a fachada dunha casa cando entramos nela. Despois de comezarmos a orientarnos na cidade, esta primeira imaxe xa non poderá rexurdir máis. Reparen na imaxe, vívana agora.

O Mundo está aquí, e nós estamos no Mundo.

Na entrada do túnel.

Noticia

Cos primeiros raios de sol, o home riscou na terra un cadrado perfecto e comezou a escavar. Moveu pedras e terra coa obstinación dunha misión que lle fose destinada, ou dunha maldición que non puidese eludir. Cavou coa pa no chan coma se, ao facelo, el mesmo entrase no solo, afondando por estratos de materia pisada. Escavaba e continuaba a escavar, movía o peso de mil anos en cada gran de terra, reconstruía unha xenealoxía en cada arremetida do metal contra o chan. Contaba os ósos de que está feita cada pedra, revelaba o aglomerado de xente concentrada nese po.

E a cada movemente, o home ía devolvéndolle ao sol o chan, revolvendo os corpos, as súas palabras, para finalmente as descubrir á luz.
O home escavou e continuou a escavar: reconstruía a súa casa.

NOS MP3

Guía

Ola. É un pracer velos aquí.

Imos comezar a nosa viaxe. Déixenme só dar algunhas indicacións máis antes de comezarmos. A partir de agora non precisan de tocar máis no dispositivo sonoro, a menos que precisen de axustar o volume. Sigán sempre as miñas indicacións; camiñaremos xuntos a un ritmo cómodo.

Listos? Imos entrar pola porta de acceso á Biblioteca e ao Arquivo. Vamos.

Seguimos de fronte polo corredor da esquerda.

Na fin do corredor hai un vestíbulo. Imos entrar pola primeira porta á esquerda, a que ten escaleiras. Imos subir as escaleiras.

Subimos un andar. Continuamos a subir.

Xa subimos outro andar. Continuamos a subir.

Voz A

Achéguense, achéguense! Veñan ver a máis prodixiosa creación. Veñan ver a marabilla: unha máquina de gardar momentos! Non teñan medo. Os que se aproximan ven como a fortuna lles sorrí. Aproxímense, hai espazo para todos!

Guía

Continuamos a subir. Xa falta pouco.

Guía

Unha porta. Imos entrar.

Paramos no vestíbulo para tomar folgos.

Grazas polo esforzo. Prometo que a partir de aquí o percorrido vai ser extremadamente fácil. Aínda que algo sinuoso; estamos a falar de X metros cadrados de construción, Y portas e Z quilómetros de corredores. Un verdadeiro labirinto. No inicio dos traballos os operarios perdíanse constantemente a pesar de todos teren mapas detallados dos edificios. Por máis que substituísemos os mapas por novos mapas. Cada vez cunha escala máis próxima á realidade. E por iso cada vez maiores. Mesmo chegamos a pensar en facer un mapa desmesuradamente grande que tivese as dimensións exactas da construción e coincidise con ela punto por punto. Mais con el estendido, ninguén se daba movido aquí dentro. E nunca o conseguiríamos enrolar.

Voz A

Non hai cousa igual no mundo. Achéguense, achéguense! Quen vai ser o afortunado?

Guía

Imos continuar. Seguimos pola porta de vidro fronte aos ascensores.

Continuamos. Pasamos as portas e entramos na sala. Dirixímonos ao centro.

Espírito

Ás veces oio voces que escapan polos corredores, ou a saír dunha radio, fíos de conversa que van enchendo o eco. Din que aí fóra vai frío. Din que chove e que o sol seca todo, que o lume é vida,

que todo se repite en ciclo, en espello, coma na auga dun río, que todas estas cousas xa estaban aquí hai moito tempo, pero poden desaparecer nun segundo; din que a sede mata e o desexo mata e o tempo mata, pero que todas estas cousas tamén se poden matar, din que xa foi dito todo e que sempre chega o día en que todo é silencio, e eu espero...

Guía

Ao fondo da sala hai unha porta. Camiñamos en dirección á luz.

Guía

Saímos da sala e seguimos outra vez polo corredor.

O corredor vira á dereita. Na fin do corredor sorteamos o piar e viramos á esquerda.

Guía

Impresionante, non? Reparen ben no inmenso arco, nos diversos arcos que desde aquí se avistan. Só aquí arriba se perciben as fantásticas liñas que describen. Imaxinen o esforzo a que todo isto somete a estrutura e o formigón.

Espírito

Iso si, as viaxes son de ver.

Ósos para andar.

Ollos para recibir.

Os ollos coma dúas xanelas.

As pernas, máquinas de andar.

E ao andar e ao ver os ósos de que está feita a pedra, comezan a aparecer.

A deixarse ver.

Guía

E os ángulos das fachadas, externas máis tamén internas? Reparen na inclinación ata alá abaixo; toda aquela estrutura de vidro fusco e perfís metálicos. No límite a estrutura atinxe unha inclinación ascendente de 76 graos e sen tirantes, correas nin outros puntos de apoio. E sen ningún risco grazas á compensación que a propia estrutura realiza, a través do reforzo á torsión dos perfís. Estamos a falar de vigas metálicas IPE 200 combinadas con perfís HB 100 e IPE 300 e o cemento ten unha mestura personalizada testada para cada superficie.

Ao principio dicían que era imposible e que o deseño nunca pasaría dunha idea. E ao final aquí estamos, e non me digan que non paga a pena. Só nos relatos de Marco Polo, nas descrições das murallas e das torres destinadas a esboroarse se consegue discernir a filigrana dun deseño tan fino coma este, capaz de escapar ao roer dos térmites.

Imos continuar. Seguimos pola varanda.

Antes de baixar as escaleiras, imos aproximarnos ao parapeto á nosa dereita e ollar alá abaixo.

Arquivista

En todos os lugares hai un "Eco", un "Voz", un "Heraldo", un "Progreso". Todo este material pasa por un proceso de redución ao esencial, de condensación, que non sabemos aínda ata que punto irá parar. E non son só xornais. É un catálogo de todo, momento por momento. Centralizar información, catalogar, preservar todos os rexistros gravados e gravables; todas as historias da memoria humana, persoa por persoa, lugar por lugar. A miña función só é recoller as historias, historia tras historia, tal como foron rexistradas, e entregarllas á organización. Sempre cumprindo as regras: preservar sen alterar, analizar sen xulgar, non interferir. Alguén fará o resto.

Guía

Imos continuar. Imos baixar as escaleiras.

Espírito

Non pisamos pedra. Pisamos ósos. Pisamos materia viva que en calquera momento se poderá incendiar e propagar. Moi á présa. Por baixo de nós todo se move, todo nos move. Moi devagar.

Guía

Continuamos a baixar. Seguimos polo medio dos estantes.

Voz A

Achéguense, achéguense! Veñan ver a máis prodixiosa creación. Un invento único só ao alcance duns poucos. Veñan ver, señoras e señores! A maior invención desde que o home é home.

Guía

Coidado: á fronte hai máis chanzos. Continuamos a baixar.

Voz A

Veñan ver a marabilla: unha máquina de gardar momentos! Non teñan medo. Os que se aproximan ven como a fortuna lles sorrí. Aproxímense, hai espazo para todos!

Guía

Imos parar xunta a bóla vermella.

Voz A

Sintan unha obra mestra feita con anacos de lúa roubados aos americanos. Horribles guerras se libraron para conseguila e agora aquí está, para os máis audaces. Para os máis afortunados. Esta obra xenial é capaz das maiores proezas: abonda con que a teñan consigo. A peza que os reis quixeran ter e non puideron. Só hai dez exemplares no mundo! Como é posible esta fantástica máquina de gardar momentos, meus señores? Porque é un obxecto especial. Feito de lúa e de fibras raras, traballadas no monte máis alto de Ceilán. Sabe onde queda Ceilán, miña señora? Non sabe, eh? Quédalle lonxe, moi lonxe. Por baixo desta capa de cor hai unha masa rara, feita das máis máxicas pedras, a única peza feita con anacos do mantón onde María Magdalena chorou! Pois si, señoras e señores, o venturoso que a posúa pode conservar aquí os momentos máis felices que xa viviu. Non, non é un gravador de sons. Non serve para oír de novo as palabras. Serve para vivir de novo a felicidade. Si, que esta máquina só conserva momentos felices: o día en que o sol se puxo máis tarde, o momento en que... ehem... a súa señora sorriu un pouco máis... Non hai cousa igual no mundo. Achéguense, achéguense! Quen vai ser o afortunado?

Guía

Imos continuar. Seguimos de fronte. Imos ata a última sala de estantes. Temos un desafío á nosa espera.

Imos parar. Aquí repousa o saber, a imaxinación do futuro e de nós mesmos; a chave de entrada na Sociedade do Coñecemento. Esta biblioteca non ten paredes, mais a través dos pequenos xestos de quen a visita poderemos crear un eco virtual para compartir o coñecemento e a creación. Queren probar? Miren arredor.

Cada un destes recipientes contén unha esfera. Busca a esfera co teu número; é o número que che foi atribuído no inicio e está na bolsa do dispositivo sonoro. Cando deas coa esfera, retíraa do recipiente, gárdaa na man e xúntate aos outros no centro desta sala.

Espírito

Ver, escribir, dicir con imaxes.

Levantar do chan o que nel sempre estivo, gravar na pedra, propagar no aire, montar un percorrido. É agora o tempo para esa cosedura provista de alas... ata que Deus sexa destruído polo exercicio extremo da beleza

Guía

Ups! Acabou o tempo. Temos que continuar. Se aínda non encontraches a esfera co teu número, podes excepcionalmente tirar unha das outras.

Estamos de novo todos xuntos no centro da sala. Están a ver o camiño que xa levamos percorrido? Imos virarlle as costas e seguir de fronte. Imos saír de aquí e virar á dereita.

Seguimos en dirección ás columnas. Xunta a columna da dereita hai un tubo. Deposita aí a túa esfera. Rodea a columna e baixa as escaleiras.

Arquivista

Todos os días, ao rematar o traballo, ordeno o material, fecho as caixas e alíñoas no chan. Despois collo o compás e coa punta pico un dos dedos da man esquerda, entre dúas estrías da impresión dixital. A escolla do dedo é aleatoria e de importancia residual. Picar o dedo é simplemente unha forma de marcar a ordenación, a organización do traballo, de vixiar vagamente a realidade, un modo silencioso de obliterar o día.

Guía

Seguimos o percorrido das esferas e paramos xunta o depósito.

Están a ver? Unha cidade non é só un lugar xeográfico ou un territorio urbano. Unha cidade é un espazo simbólico en que se funden realidade, invención e mito. A verdade é que as cidades son tamén construídas por todos os que nelas crean, moldean e reinventan, libro tras libro e símbolo tras símbolo, o imaxinario colectivo dos pobos. Mesmo podemos dicir que se os homes non escribisen, non imaxinasen, non existirían cidades.

En fin, polo menos é así como interpreto eu este xogo. Imos continuar?

<p>Á nosa esquerda hai 13 portas de vidro fusco onde se pode entrar. Once delas teñen un estante cunha caixa enriba. Dúas delas só son para enganar.</p> <p>Entra só nunha das salas con caixa e ábrea. Non tes que quedar á espera. Seguro que hai unha sala para ti.</p> <p>Quen quedou aquí fóra vai entrar agora. Nós esperamos. Quedamos por aquí.</p>	<p>Imos seguir adiante.</p> <p>Algunhas persoas do grupo van entrar nas portas de vidro á nosa esquerda. Déixaas ir. Nós xa imos. Polo de agora quedamos aquí. Mira o espazo á túa volta. Olla para arriba.</p> <p>Reparen nas portas de vidro. Van comezar a saír. Agora é a nosa vez.</p> <p>Fecha a caixa. Sae. Fecha a porta. Xúntate cos outros.</p>
---	---

Arquivista

Ao principio pensei que a biblioteca abranguía todos os libros e que o arquivo conservaba todos os documentos. A miña primeira impresión foi de extravagante felicidade. Sentínme en posesión dun tesouro intacto e secreto. Por iso pasei a miña xuventude a viaxar. Unha interminable peregrinación en busca dun libro, se callar o catálogo dos catálogos. Talvez á dereita, naquel último estante, alí arriba. Ou entón aquí abaixo, alí á esquerda. Nalgún destes estantes, pensaba eu, debe existir un

libro que sexa a chave e o resumo perfecto de todos os outros.

Espírito

É inútil buscar respostas que non poden ser dadas, porque para seren dadas terían que ser vividas. Todo ten que ser vivido. As preguntas teñen que ser vividas. E talvez un día comecemos por nós a vivir dentro das respostas.

Guía

Ah! (*Grita*) Están a oír? As curvas deseñan as liñas da propia estrutura creando algo como un inmenso e sinuoso panel acústico que desafía os equilibrios sonoros a que estamos habituados. Durante o traballo de implantación, os enxeñeiros responsables da acústica pasaban tardes enteiras aquí abaixo a gritar, para tentar calcular as curvas exactas que había que imprimir a todas estas formas. Aínda hoxe os tipos do mantemento gritan antes da abertura das portas e despois de cerrar, só para verificar que está todo no sitio. Ás veces chaman pola señora da limpeza por xulgaren que os seus gritos son máis adecuados para a tarefa. A min tamén me gusta gritar e quedar a oír os ecos. Ah, claro, se queren gritar, tamén o poden facer. Este é o mellor lugar para iso. E despois da apertura ao público, os bibliotecarios garántenme que será completamente imposible.

Guía

Estamos todos xuntos outra vez.

Imos continuar o noso percorrido. Imos seguir ata o fondo da sala.

Guía

Ao fondo, á esquerda, hai un longo corredor. Imos seguir por el.

Guía

Seguimos. Imos ata a fin do corredor.

Guía

Despois de pasarmos a saída de emerxencia, seguimos polo corredor á dereita.

Imos pasar pola porta ao fondo. A seguir a esa, hai outra porta. Só pasamos a segunda porta cando esteamos todos xuntos.

A próxima sala é especial. Cando entres, vira logo á dereita. Seguimos.

Arquivista

Vivimos moitas décadas en silencio. Teremos agora que ser capaces de deixar que as voces dos que xa non están aquí habiten a nosa memoria, polo menos durante tanto tempo como o que durou o silencio a que fomos forzados.

Guía

O espazo alárgase. Á nosa esquerda hai un corredor que nos permite pasar con seguranza. Imos por ese corredor.

Espírito

O sangue circula ininterrompidamente e mestúrase para crear a cada momento vida nova. Vida única e irrepitible.

Arquivista

Relato 12B36. Sinopse. A muller a fuxir. Deulles un beixo de despedida ás fillas e entrou no barco.

Eran oito contando con ela. A policía non os parou. Ninguén lles pediu os documentos. Cando xa estaban no mar oíron un canón. Eran oito e morreron todos.

Guía

Seguimos adiante.

Ao noso redor está todo cheo. De un lado e do outro, todo completamente cheo. Todo a rebentar de memorias. Mais podemos bater cos dedos nos armarios para sentir que este é o lado dos vivos.

Arquivista

Relato 42D68.

Guía

Á esquerda, ao fondo, está a saída. Imos saír.

Arquivista

Ás veces paréceme que as únicas cousas preciosas, dignas de seren gardadas, son precisamente as que non deixan rastro, as que escapan a calquera rexistro: un suspiro, un caldo a fumeigar, un ollar, unha brisa.

Se callar o universo non está feito daquilo a que a nosa organización chama materia rexistrable. Se callar está feito precisamente destes pequenos intervalos. Se callar só compilando materia rexistrable conseguimos descubrir os intervalos. Se callar...

Guía

Para saír, como para entrar, temos que atravesar dúas portas. Imos pasar a segunda porta só cando esteamos todos xuntos.

Xa podemos quitar os cascos. Ímolos pousar.

Benvidos. Estamos na zona de acceso público do Arquivo Nacional.

GRUPO 1	GRUPO 2
Imos subir as escaleiras en fronte. Ignoramos os que seguen pola esquerda. Xa nos encontraremos.	Antes da escaleira viramos á esquerda. Ignoramos os outros, que van subir. Xa nos encontraremos.
Imos parar un pouco. Podemos ollar para alá fóra.	Seguimos de fronte.
Imos seguir. Queremos subir ao andar superior. En fronte, á esquerda, hai unhas escaleiras.	Ao chegar aos estantes, seguimos polo lado esquerdo. Seguimos de fronte, ata chegarmos ao fondo da sala.
Imos subir as escaleiras.	Ao fondo da sala paramos un pouco.
No alto das escaleiras ímonos aproximar ao parapeto e ollar para abaixo, para o sitio onde estabamos.	Imos continuar. Agora imos seguir na dirección contraria, sempre ao longo das xanelas exteriores.
Imos continuar neste piso. Imos seguir adiante, ata o fondo, ata o parapeto de vidro.	Pasamos entre o piar e as xanelas e subimos as escaleiras.
Paramos no parapeto e vemos o espazo alá	Seguimos de fronte, sempre neste piso.

<p>abaixo.</p> <p>Temos que continuar. Imos volver para atrás e xuntámonos cos outros.</p>	<p>Paramos un pouco. Podemos ollar para alá fóra.</p> <p>Imos seguir. Queremos ir ao piso superior. Imos subir as escaleiras que os outros xa subiron.</p> <p>No alto das escaleiras viramos á dereita. Xuntámonos cos outros.</p>
--	--

Voz G

Trátase dunha rexión con moita vexetación. Chove frecuente e abundantemente e é practicamente inhabitable. De maneira xeral, os nativos parecen estar moi afectados polo clima, que os torna desconfiados e excéntricos. Talvez por iso as primeiras poboacións xurdisen nos lugares máis inhóspitos e inaccesibles. Esta é de feito unha rexión inhabitable pola súa elevadísima humidade e pola cantidade de barro e charcos. Excepto no verán, durante aproximadamente dous meses, cando as condicións atmosféricas melloran substancialmente e mesmo se pode ir á praia.

Espírito

Alá abaixo dormen as serpes. Inanimadas e enroladas sobre si mesmas.

Guía

Aquilo que vostedes están a ver é memoria. Imaxinen millóns de pequenos fragmentos, textos, sons, imaxes, todo o que algunha vez aconteceu, analizado, preservado, compilado. É increíble. A que velocidade terán que facerse os rexistros para acompañar a vida? Este percorrido que estamos a facer? De aquí a canto tempo estará rexistrado? Os pasos que acabamos de dar, cando se transforman en pasado dun futuro calquera?

A que velocidade terán os arquivistas que procesar os datos para non se afundiren cada vez máis no pasado? Para que na fin de cada día estean máis próximos ao presente? Velaí unha ecuación tentadora... Talvez nunha próxima visita.

Están a ver as columnas? Isto non son as columnas, isto é a columna! A columna vertebral de todo o edificio. X toneladas de formigón en cada un dos respectivos encofrados. Moitas veces me preguntaron cal é a columna que sostén este ou aquel edificio... ningunha! Os edificios non se sosteñen por esta ou por aquela columna, senón pola liña do arco que estas forman. Comprenden? E por que falo das columnas se só importa o arco? Porque sen columnas non hai arco!

Arquivista

Relato 52E48. Descrición. O profesor di que o San Sebastián terá uns 300 ou 400 anos. Di que aquel anaco de madeira tallada ten moitos máis anos do que calquera de nós ousará sequera imaxinar que vivirá. Nótase pola imaxe que a madeira está toda furada polo caruncho. Caruncho con centos de anos, talvez. Primeiro un, despois os outros e os seus descendentes, unhas liñaxes máis distintas, outras menos, un pouco coma nós, as persoas. Unha inmensidade de bichiños minúsculos a remoeren o belo San Sebastián de madeira. E o santo impávido, mentres eles van arrotando as súas entrañas de pau. 300 anos de estoicismo. E o caruncho a corroelo por dentro, indiferente á santidad da peza, coma se estivese a cumprir un designio. Centenarios bichos da madeira cumprindo a tarefa para que foron elixidos.

Guía

Estamos todos xuntos novamente. Imos saír.

Guía

Saímos do Arquivo. En fronte, ao fondo, queda a porta principal da Biblioteca. Imos seguir á esquerda.

<p>GRUPO 1:</p> <p>Imos separarnos novamente. Nós imos seguir sempre de fronte ao longo deste corredor exterior.</p> <p>Seguimos adiante.</p> <p>Imos entrar na sala á nosa dereita, onde están os outros. Imos parar na xanela en fronte de nós.</p>	<p>GRUPO 2:</p> <p>Imos separarnos novamente. Nós imos entrar na sala á nosa dereita.</p> <p>Seguimos para a esquerda, ao longo da sala.</p> <p>Imos seguir ao longo da sala e imos parar na última xanela do lado dereito.</p>
--	--

Arquivista

Un día comprei dous cadernos pequenos, de follas lisas e tapas brandas. Nada daquelas cousas caras que están de moda. Simplemente dous cadernos, un de tapa negra, outro de tapa castaña. O primeiro, o negro, para rexistrar, á fin de cada día, o que fixera. O segundo, o castaño, para facer o que me apetece.

Todos os días, antes de me deitar, tento descubrir se o día xa chegou á súa fin e tento recuperar do nobelo de acontecementos diarios o que é digno de rexistro. Día tras día fun escribindo no caderno negro páxinas de rexistro diario. E doume de conta de que o caderno castaño, onde son libre de escribir todo o que me apetece, se mantén aínda en branco.

Guía

Aquí tense a sensación de que o vento e a chuvia moldearon toda a estrutura. É coma se todo aquí estivese desde hai décadas, coma se nacesse da montaña. A estrutura axústase á montaña e a montaña tamén se axusta a ela. Ademais, ben se ve que o revestimento orixinal está xa a mesturarse cos minerais. Coma se toda a construción estivese a transformarse nun gran lique, entenden? Nos liques hai un fungo e unha alga que se mesturan, e máis ou menos se funden, cada un dándolle ao outro unha competencia que el non ten, podendo así cubrir as pedras e agarrarse a elas de xeito que acaban sendo unha especie de pel. Canto máis escavamos, máis evidente resulta que nalgún momento a relación entre os edificios e a montaña se volveu simbólica, nun innovador enxerto de arte e natureza.

Espírito

Eu estaba alá cando os amantes construíron palacios e suspenderon xardíns, cando se ergueron deuses de pedra en pequenas illas e cando se aliñaron pirámides polos astros, cando remataron a muralla que se ve desde o espazo, tamén cando navegaron polo espazo. En todos estes sitios se espallaron ósos humanos e se quebraron límites humanos.

Onde morre un home que morre nun soño?

Guía

Din que o globo terráqueo, a esfera, pousa sempre nun sitio en que se poida apoiar. Pois ben; aquí estamos a crear o sitio onde a esfera se apoiará.

Imaxinen o futuro; diante de nós está a praza dunha nova cidade. Unha cidade construída pola pedra dos canteiros e pola arte dos creadores. Un lugar de construción de identidade que nos proxecta cara aos outros e onde as culturas se cruzan. Esta é unha porta ao mundo, unha ponte entre pobos, un espazo para todas as xeracións.

Voz I

As lendas que por aí se contan comezan todas do mesmo xeito: "contáronme que hai moito tempo,

nunha terra por aquela parte, non moi lonxe, alguén oíu dicir de alguén unha historia abraiante". Esta non, esta é unha lenda miña, que a vivín eu. E se alguén a quere confirmar, faga favor de ir ao monte aquí ao lado. Alí existe un tesouro soterrado, mais o monte está encantado e ninguén dá entrada. Dicíase que existía unha fada que indicaba o camiño, pero que só era visible no preciso momento da aurora. Un día, decidín ir buscar o tesouro.

Guía

Imos saír todos xuntos. Saímos da sala, viramos á dereita e imos para o exterior.

Arquivista

O relato acaba aquí. Non se sabe o que aconteceu... é posible que o home fose ao monte. Podemos imaxinar o home no monte a gritar "Señora Fada" con toda a forza e mentres lle duraron os folgos. Ninguén respondeu. Mais o home non desistiu e buscou el só a porta. Entrou no monte e comezou a baixar cara ao centro da terra.

Guía

Imos atravesar o aparcadoiro, en dirección ás torres.

Arquivista

Xa dentro do monte, viu a fada sentada na beira dunha mina de auga. Era linda coma ningunha outra e estaba núa como acabada de nacer.

"É mellor saíres de aí, que aínda vas caer", díxolle o home. "Non caio, non, non te preocupes. Ven ti acó, ven buscarme".

El achegouse disposto a agarrala e tirala de alí. Pero foi cando estaba a menos dun pelo de tocala que lle viu o brillo máis forte dos ollos e o reflexo do demo nas augas do pozo.

"Nunca máis alí volvín, meus amigos, que alí foi onde o demo tentou prenderme, como eu agora os podería prender a vostedes."

Guía

Entramos pola porta de ferro e seguimos para a dereita, para a torre de vidro.

Todo isto é perfectamente explicable. Aínda que se trate dunha pouco habitual combinación de elementos biolóxicos e xeolóxicos. Pero que neste momento xa está perfectamente controlada e mesmo encadrada no funcionamento dos servizos técnicos. Tratouse dunha absorción de material orgánico —carozos, pebidas, gra— por parte da pedra que se estaba a instalar. Cando nos decatamos da situación, as raíces xa estaban solidamente agarradas aos bloques, de maneira que non as poderíamos retirar sen rebentar a pedra. Por iso non puidemos evitar o crecemento das árbores. Mais hoxe a situación está estabilizada. Mesmo houbo unha considerable mellora de rendemento en termos de illamento térmico.

Espírito

... eu espero, por todo o que hai aínda por dicir, espero por días cheos de palabras, espero que troquen os nomes e me inventen alcumes, espero polas pegadas e polas marcas dos dedos, polas notas de música e as notas de pagar, polo cheiro a comida e polo lixo, polas inscricións cicatrices obscenas nas portas dos cuartos de baño, e todas as cousas, boas e malas, que a vida dos homes planta no chan das cidades, finalmente... cidade!

Guía

O problema é que nos apareceron árbores de todas as partes do mundo a rachar a pedra, por causa dos operarios que aquí xantaban. E isto é delicado. Estas árbores requiren coidados de mantemento moi diversificados, en termos de rega, fertilización e poda. Un choio! Pero é o que hai.

Imos continuar. Imos baixar pola escaleira de caracol.

No final da escaleira de caracol viramos á dereita e seguimos baixando pola escaleira que xorde á nosa esquerda.

Arquivista

Desempeñar a tarefa, sexa mudar lámpadas, ordenar libros, limpar salas, puír xuntas, regar plantas... pode volverse un fin en si mesmo, o significado último dunha vida que, preto da súa fin, se considera desperdiciada. Ou non.

Guía

Imos baixar ata o final das escaleiras.

Arquivista

Coma se alguén saíse da casa nos primeiros días de outono para varrer as follas que caen á súa porta e iniciase un percorrido por toda a cidade, varrendo só o espazo que ten diante, sen se decatar de que o seu camiño queda inmediatamente cuberto de novas follas caídas. Talvez crea na imperiosa necesidade de cumprir a súa misión. Talvez crea que a natureza lle dará unha tregua.

Guía

No final das escaleiras viramos á esquerda e continuamos de fronte. Atravesamos a porta e seguimos de fronte, polo corredor.

Arquivista

Nos últimos días de outono, exhausta, a persoa senta nun banco de xardín e comprende, simultaneamente, a importancia do tempo que dedicou ao restablecemento dunha orde imposible e o impacto final nulo do seu traballo. Mentres as últimas follas continúan a caer, cubrindo os seus últimos pasos, o espazo que o rodea e o seu propio corpo.

Guía

Avanzamos devagar.

Arquivista

Coma nunha peregrinación sen fin, o camiño, que se fai camiñando, é obxectivo en si mesmo. Avanzamos devagar.

Guía

Ao fondo, á dereita, hai unha porta. Imos saír por esa porta.

Estamos de volta na galería subterránea por onde entramos.

A partir de aquí xa non os podo acompañar. Foi un pracer estar con vostedes. Teño a certeza de que nos volveremos ver en breve. Por favor, devólvanlle os dispositivos sonoros ao equipo de vixilancia e volvan ao autobús. Grazas.

(na subida ao miradoiro)

FIN